

Pais separados, garda e custodia, patria potestade

O colexio, polo ben común e especialmente polo dos propios nenos e nenas que acoden cada día ás súas aulas, non se pode converter no lugar onde se diriman as diferenzas persoais entre os proxenitores e onde se discutan e aireen os posibles agravios mutuos. É unha premisa básica a necesidade de colaborar para evitar interferencias indesexadas que perxudican os menores.

Á vista de acontecementos recentes, cómpre aclarar dous conceptos esenciais:

A **patria potestade** e a **garda e custodia** son conceptos diferentes, pero ambos teñen importancia desde o punto de vista da relación co colexio daqueles pais que decidiron romper a súa unión matrimonial.

Na inmensa maioría das sentenzas de divorcio ambos proxenitores manteñen a patria potestade sobre os fillos. A consecuencia delo, tanto o pai como a nai teñen dereito (e a obriga) de seguir a evolución educativa do fillo, interesarse polas súas cualificacións e as medidas de atención que recibe, ocuparse das súas dificultades, recibir información do colexio, etc. A patria potestade é un conxunto de dereitos e obrigas que como pais temos en relación cos fillos. Esta patria potestade ten como función a de tutelar o menor e, como dicimos, non adoita disolverse nas sentenzas de divorcio.

Por conseguinte, hai que saber que a pesares da situación de divorcio o outro proxenitor ten dereito a acudir ao colexio, interesarse polo fillo ou filla, recibir toda a información que precise e ademais, subliñamos, decidir sobre os posibles cambios de centro, solicitudes de admisión e matrícula. Lembramos que a normativa actual obriga a que, en caso de divorcio, os impresos de solicitude de admisión nun centro novo sexan asinados por ambos proxenitores. Precisamente isto pretende defender a patria potestade do pai e da nai contra posibles decisións unilaterais ao respecto.

A garda e custodia do menor ten relevancia desde outro punto de vista. O centro debe saber qué proxenitor disfruta dela para poderlle traspasar, ao remate da xornada lectiva ou ben no medio dela con causa xustificada, o fillo ou filla que estea nesta situación. O proxenitor que non teña a garda e custodia non poderá asumir o traspaso desa

custodia por parte do centro, pois non se lle recoñece ese dereito máis que no caso dos acordos de visitas regulados por sentenza xudicial.

Calquera desacordo por parte dun proxenitor debe ser recurrido na instancia xudicial pertinente. O centro educativo non facilita informes nin documentación agás por requerimento xudicial ou por petición dalgún órgano da administración.

En resumo, estes son os aspectos básicos que todos os pais divorciados teñen que ter en conta:

- Se hai unha sentenza de divorcio ou separación débese facilitar unha copia ao centro para que o seu persoal estea informado dos termos da citada sentenza.
- Se non existe sentenza xudicial ao respecto o centro non acatará ningunha indicación de calquera proxenitor acerca de quen pode recoller o fillo ou non. O centro entenderá que a patria potestade e a garda e custodia son compartidas.
- Se o proxenitor conserva a patria potestade sobre o fillo ou filla pero non a garda e custodia terá sempre dereito a recibir información en igualdade co proxenitor custodio.
- Do mesmo xeito se o proxenitor non ten a garda e custodia do menor non poderá recoller o fillo nin ao remate da xornada escolar nin no medio dela pois este dereito non llo recoñece o xulgado.
- Para solicitar praza nun novo centro é necesaria a asinatura dos dous proxenitores cando hai situación legal de divorcio.
- Calquera modificación no estatus legal dun matrimonio deberá ser informada ao centro educativo.
- O centro educativo non se posicionará nunca a favor dun ou doutro proxenitor e terá como obxectivo fundamental salvagardar os dereitos e intereses do menor, facilitar a información precisa aos dous proxenitores e ser estricto no traspaso da custodia do menor ao remate das actividades escolares.

Baión, 13 de xaneiro do 2015

A Dirección